



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE SOBER PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE ESCAVACIÓN E CONSOLIDACIÓN NO XACEMENTO ROMANO DE PROENDOS (SOBER, LUGO)

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Don José López Campos, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, Don Luis Fernández Guitián, que actúa en representación do Concello de Sober, en virtude da súa condición de alcalde da citada corporación, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e polo tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: o artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de



cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda ás entidades que integran a Administración local a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

Terceiro: O xacemento arqueolóxico de Proendos, sitúase no concello lucense de Sober, en concreto na parroquia de Santa María de Proendos, na contorna da súa igrexa parroquial.

A nivel de protección, este xacemento arqueolóxico ten a consideración de ben catalogado en base ao artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia xa que se atopa recollido no PXOM do Concello de Sober aprobado no ano 2013 (DOG núm. 75, do 18.04.2013) e no Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo (DOG núm. 162, do 27.08.2018), co código GA27059015. Ademais o lugar se atopa no ámbito da paisaxe cultural da Ribeira Sacra, declarada ben de interese cultural polo Decreto 166/2018, do 27 de decembro.

Neste lugar, nunha ampla superficie chaira, tense constatado desde antigo a aparición de significativas evidencias materiais de adscrición romana que van desde un gran número de fragmentos de tégula, ladrillos e cerámica, ata varios fragmentos de columnas, capiteis, basas, epígrafes e restos de canalizacións de granito, moitos dos cales aínda se conservan nos muros de peche e no interior das casas do actual pobo de Proendos.

No ano 2019 levouse a cabo unha prospección xeofísica nunha superficie aproximada de 27.000 metros cadrados coa finalidade de ampliar a información existente sobre este xacemento arqueolóxico. Os resultados desta prospección permitiu constatar a existencia de complexas estruturas baixo terra en todas as parcelas prospectadas, posiblemente encadrables a maioría delas na época romana o que permite expor a hipótese da existencia dun asentamento de maior entidade do que nun principio se pensaba, que pola súa extensión (posiblemente superior ás 10 hectáreas) e monumentalidade podería ter un carácter urbano, superando a súa consideración como simple vila, vicus ou mansio viaria.

Ante os interesantes resultados, nos anos 2020 realizáronse unha serie de sondaxes valorativas en determinadas zonas do xacemento arqueolóxico co obxecto de corroborar algúns dos datos fornecidos pola prospección xeofísica, así como o estado de conservación e cronoloxía das estruturas. Os traballos arqueolóxicos forneceron resultados positivos, coa localización de diferentes estruturas de cronoloxía romana





entre o século I e o IV d.C., entre as cales hai que mencionar os alicerces dun edificio de forma absidiada e en cuxo lateral norte foron documentados restos dun mosaico, unha estancia con hipocausto e, xa moi preto da igrexa de Santa María de Proendos, os alicerces dunha estrutura circular de funcionalidade aínda incerta. Pero, sen dúbida, o máis destacado destas intervencións arqueolóxicas foi a exhumación de parte dun edificio con muros interiores paralelos dispostos de tal maneira que conforman corredores entre eles e que se interpreta como un celeiro de almacenamento de época romana de ata sete pés (*horreum*), ademais nesta mesma sondaxe identificáronse silos de almacenaxe posteriores ao celeiro romano, quedando patente dúas técnicas de almacenaxe, unha romana e outra de época medieval.

Entre os anos 2021 e 2023 os traballos arqueolóxicos centráronse no sector do *horreum* romano, ampliando a súa escavación coa finalidade de delimitar a súa superficie completa (43 m² de superficie: 5,67 metros de longo por 7,60 metros de ancho), definir a súa cronoloxía (século I d.C.) e todas as súas características construtivas e deixar rematada a súa consolidación e acondicionamento para a súa visita pública. Ademais, a finais do 2023 levouse a cabo unha prospección xeofísica con xeorradar dunha serie de parcelas agrícolas sitas no entorno do sector do *horreum* romano que non puideran ser prospectadas no ano 2019 e cuxos resultados máis destacados foi a localización de novas estruturas, con toda seguridade de cronoloxía romana, entre as que destaca a localizada na mesma parcela onde se sitúa o *horreum* romano e que se identifica cun esquinal dun gran edificio de funcionalidade indeterminada.

A finais do 2023 levouse a cabo unha prospección xeofísica con xeorradar naquelas parcelas que non foron prospectadas no ano 2019, cubríndose unha superficie aproximada de 15.000 m² ao redor do *horreum* romano, coa finalidade de determinar a presenza de novos restos arqueolóxicos e así mellorar e ampliar o coñecemento científico do xacemento romano de Proendos e tamén para aportar información relevante de cara a planificar con maior eficacia futuras actuacións de escavación e de posta en valor. Os resultados desta prospección foron moi positivos, localizándose na maioría das zonas prospectadas restos arqueolóxicos, destacando unha gran estrutura rectangular con estancias asociadas a un patio, que podería tratarse dun perístilo ou espazo residencial dunha vila romana (complexo agrario romano desde onde se administrarían as terras da contorna, organizaríase e almacenaríase a produción agraria). No ano 2024 levouse a cabo unha sondaxe arqueolóxica duns 60 m² próxima ao *horreum* romano coa finalidade de comprobar e documentar as anomalías detectadas na prospección xeofísica realizada no ano 2023 e así obter novos datos que permitan afondar máis no coñecemento do xacemento romano de Proendos. Os resultados máis destacados foi a exhumación dunha serie de muros que delimitan 8 espazos habitacionais da posible vila romana.





Cuarto: Tendo en conta os valores culturais que posúe o xacemento arqueolóxico de Proendos (Sober, Lugo) como un dos fitos representativos da Galicia romana, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Sober consideran necesario continuar cos traballos arqueolóxicos no sitio coa finalidade de favorecer a súa investigación e posta en valor. Os obxectivos desta campaña 2025 son a ampliación da escavación da sondaxe do ano 2024 para delimitar con maior precisión as estancias localizadas e a súa posterior consolidación e acondicionamento.

Así, dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación e protección do noso patrimonio cultural, subscriben o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: obxecto do convenio

É obxecto do presente convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Sober, a realización dunha actuación arqueolóxica de Escavación e consolidación no **xacemento romano de Proendos (Sober, Lugo), campaña 2025**

As actuacións a realizar serán as seguintes:

1. - Traballos de investigación e documentación:

- Ampliación da escavación arqueolóxica da campaña 2024, nunha superficie estimada entre 40 e 50 m², coa finalidade de delimitar con maior precisión as estancias localizadas da posible vila romana.
- Rexistro fotográfico e planimétrico da actuación arqueolóxica. Inclúe a realización de fotografía e vídeo aéreo (oblicua e vertical), e levantamento fotogramétrico dixital 3D.
- Estudo pormenorizado dos materiais arqueolóxicos mobles recuperados, tratamento dos mesmos e depósito no museo correspondente.
- Toma e tratamento de mostras para realización de análises carpolóxicos e antracolóxicos e tamén de datación de C14 e/ou OSL

2.- Traballos de conservación e acondicionamento básico:

- Realización dunha diagnose de conservación e dos proceso de alteración das estruturas exhumadas.





- Traballos de consolidación e acondicionamento das estruturas arqueolóxicas exhumadas no ano 2024 e as que se localicen neste campaña 2025, garantindo en todo caso unhas condicións de conservación axeitadas para a súa visita. A consolidación farase seguindo criterios de máximo respecto ao orixinal, mínima intervención, reversibilidade e uso de materiais compatibles.
- Subministro e colocación de postes delimitadores da área de actuación.
- Instalación dunha mesa interpretativa

3.- Informes

- Elaboración dun proxecto arqueolóxico e dunha memoria técnica da actuación arqueolóxica con base nos criterios que establece o Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997).

4.- Accións de difusión

- Realización de diferentes accións de divulgación sobre os traballos a realizar e sobre o propio xacemento arqueolóxico, fundamentalmente a través das redes sociais, visitas comentadas, charlas e/ou obradoiros. Como mínimo realizárase unha visita guiada ao xacemento unha vez rematada a actuación arqueolóxica, a edición dun vídeo divulgativo sobre o xacemento de Proendos e a impartición dunha conferencia.

Estes traballos faranse con metodoloxía arqueolóxica e serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, e con experiencia demostrada na actividade para a que se solicita a correspondente autorización.

Ademais da propia intervención arqueolóxica, tense previsto levar a cabo diferentes accións de divulgación dos traballos arqueolóxicos realizados nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública, xa que o xacemento arqueolóxico atópase incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural como Ben de Interese Cultural e está incluído na proposta de actuacións que a Consellería pretende desenvolver no patrimonio arqueolóxico de Galicia, en colaboración cos concellos, elaborada pola Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.

Segunda: achega económica





A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude financiará o 100% das actividades descritas e contribuirá con cargo á aplicación orzamentaria **13.04.433A.760.0** (CP 2015 00380) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de **25.000,00 €** no ano 2025, coa seguinte desagregación:

CONCEPTO	PREZO (EUROS)
PERSOAL (traballo de campo e estudo materiais arqueolóxicos)	12.930,00 €
SERVIZOS (topografía, mostras e analíticas)	1.870,01 €
SUBMINISTRACIÓNS (ferramentas e materiais de arqueoloxía e restauración, materiais de delimitación e sinalización, equipos de protección individual, funxibles, papelería...)	3.536,15 €
INFORMES (proxecto e memoria)	2.325,00 €
TOTAL	20.661,16 €
IVE (21%)	4.338,84 €
TOTAL	25.000,00 €

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Terceira: obrigas do beneficiario.

- Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.
- Cumprir o seu deber de remisión das contas xerais de cada exercicio ao Consello de Contas.
- Executar, no prazo de vixencia do convenio, o investimento obxecto deste convenio.
- Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia os informes e as autorizacións preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.
- O beneficiario consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.
- En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, engadirase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora. Así mesmo, o beneficiario debe dar a adecuada publicidade e información de que as





actuacións están subvencionadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en particular, nas medidas de información e comunicación (cartel informativo).

- Logo de asinar o convenio e con carácter previo ao comezo da intervención arqueolóxica o Concello de Sober terá que presentar un proxecto arqueolóxico onde se contemplen as actuacións propostas para que o autorice a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. O proxecto arqueolóxico deberá cumprir o disposto no Decreto 199/1997 que regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia e a Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia. Unha vez rematada esta actuación se presentará a correspondente memoria técnica.

Cuarta: comisión paritaria

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta: Xustificación dos investimentos

Gastos subvencionables: Considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

Os tributos son gasto subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

Nos termos previstos polo artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

Documentación que ten que presentar o beneficiario: para a percepción da axuda será necesario presentar, ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde ou presidente, relativa á aprobación, polo órgano competente, da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.





- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: a identificación do acredor, ou número de factura ou documento equivalente, o importe, a data de emisión e a data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- No suposto de adquisición de bens inmobles: certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación detallada da certificación expedida.
- De ser o caso, os tres orzamentos que esixe o artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos percibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total (Anexo I).
- Declaración responsable do órgano competente da entidade, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (Anexo II).
- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (Anexo III).
- Memoria técnica das intervencións arqueolóxicas realizadas.

En todo caso para o libramento da subvención será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo para a xustificación dos investimentos coincidirá co do período de vixencia do convenio.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>

Pagamento da subvención: realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.





Pagamentos a conta: poderanse realizar pagamentos fraccionados a conta que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata o límite máximo do 80% do importe. A contía restante, aboarase logo de xustificar a realización das actividades subvencionadas na súa totalidade.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que o beneficiario/a está obrigado/a á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos a conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

Efectos da falta de xustificación: a falta de xustificación dos investimentos dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

Sexta: facultades da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, non asume máis obriga que a de achegar a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscrición do presente convenio non leva consigo por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.

Sétima: publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o concello de Sober acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de





subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Oitava: período de vixencia

A vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o **30 de outubro de 2025**.

Novena: Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décima: outras obrigas do beneficiario

- Non alterar o destino da achega.
- Realizar a correspondente execución segundo o plan proxectado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
- Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio





das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de contas e ao Consello de Contas.

- Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira: subcontratación e reintegro

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo segunda: réxime xurídico

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, este acordo está suxeito ao Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo terceira: Causas de resolución e modificación do convenio.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico: “Os convenios subscritos pola





Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado no lugar e na data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude e O alcalde do Concello de Sober

José López Campos

Luis Fernández Guitián





ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTER A CONDICIÓNS DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dña _____ con DNI _____, en nome e representación da entidade _____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

A) Que para a seguinte actuación _____, a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓNS REGULADORA

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓNS REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se acha incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.





_____, ____, de _____ de 2025
ANEXO II

Don/Dña _____
con DNI _____, en nome e
representación da entidade _____,
con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)





ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/

Dña _____,
con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____

_____,
con CIF _____

DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade local á cal representa é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito de control: (2 díxitos)
- Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)





ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COA SEGURIDADE SOCIAL.

Don/dona:
con enderezo
DNI núm.
en nome propio/en representación de
con CIF núm.
(cumprimentar o que proceda)

AUTORIZA á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, e a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

(Lugar e data)

(Sinatura)

